
NORMAS DE FUNCIONAMENTO NUN LABORATORIO

Con estas normas de funcionamento, pretendemos levar ao convencemento de que o traballo experimental, pola propia natureza do método científico, esixe que reine un espírito de traballo ordenado e rigoroso como principio básico de comportamento, logrando así que o proceso científico sexa máis enriquecedor e se garanta a túa propia seguridade e a de todos os que traballamos contigo.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- Antes de realizar unha actividade práctica, debes ler detidamente o guión da mesma para adquirir unha idea clara do seu obxectivo, fundamento e técnica.
- Ao comezar a actividade, atende ás indicacións do profesor e séntate onde che corresponda co teu grupo de traballo. O profesor terá formado os equipos de traballo e asignará a cada un un posto concreto, cun material determinado.
- A partir deste momento debes evitar todo desprazamento innecesario, procurando non moverte do teu posto de traballo.
- Antes de comenazar a actividade, hai que comprobar que contas con todo o material necesario, segundo a relación que aparece no guión da actividade, e que ese material está en perfectas condicións de uso.
- Coloca os teus libros e outras pertenzas nos lugares adecuados, de xeito que non dificulten o traballo nin obstrúan os corredores.
- Manipula os produtos, obxectos, libros e, en xeral, todo o material, con coidado. Se hai algo que non funcione correctamente ou que estea deteriorado, débese comunicar ao profesor no canto de intentar arranxalo.
- Non manipules ningún reactivo ou material sen permiso do/a docente, aínda que o teñas ao teu alcance.
- Cando remate a actividade, recolle, ordena e devolve todo o material utilizado na mesma. Comproba que todo volve quedar en perfecto estado de uso.

MATERIAL DE LABORATORIO

Os principais materiais que debes coñecer son:

Vaso de precipitados

Emprégase para conter líquidos. Adoita ter indicado o volume aproximado.

Matraz Erlenmeyer

Úsase para conter líquidos que reaccionan entre si ou para preparar disolucións. Pódese quentar e péchase con uns tapóns especiais.

Matraz aforado

Recipiente de vidro con marcaxe de volume exacto (unha liña). Úsase para preparar disolucións con concentración precisa. Non se emprega para quentar.

Probeta

Emprégase para medir o volume aproximado dos líquidos.

Embudo

Úsase para separar sólidos de líquidos por filtración. O papel de filtro colócase no interior do embudo.

Pipeta

Emprégase para medir volumes exactos de líquidos. Existen pipetas de varios tamaños segundo os diferentes volumes.

Pipeteador

Dispositivo que se coloca na pipeta para aspirar e liberar o líquido sen empregar a boca. Serve para medir líquidos con precisión e seguridade.

Vidro de reloxo

Serve para quentar e manipular sólidos, así como para mesturar substancias.

Tubo de ensaio

Emprégase para conter as substancias nas reaccións químicas sinxelas. Se é preciso quentalo, non se debe soste cos dedos, senón utilizar unha pinza de madeira para tubos de ensaio.

Gradilla

Úsase para soste varios tubos de ensaio en posición vertical.

Morteiro

Úsase para triturar substancias.

Bureta

Permite deixar caer o líquido gota a gota con moita precisión. Úsase para medir volumes con exactitude.

Pinza

Soporte metálico que se usa para suxeitar diferentes obxectos.

Chisqueiro de alcol

Pequeno recipiente que contén alcol e ten unha mecha que se acende. Serve para quentar suavemente mostras ou instrumentos. Nunca se usa con produtos inflamables arredor.

Bandeixa

Serve para colocar materiais e instrumentos para organizar, transportar ou recoller derrames. Mantén a mesa de traballo máis limpa e segura.

Frasco lavador

Recipiente flexible con tubo fino que deixa saír un chorro de auga destilada. Úsase para lavar recipientes e enxugar paredes de vasos ou matraces.

Escobilla

Cepillo alongado que se usa para limpar o interior de matraces, tubos de ensaio e outro vidro de laboratorio.

Placa de Petri

Úsase para cultivar microorganismos, observar crecementos ou realizar experimentos de pequenas cantidades.


MATERIAL DE LABORATORIO



Soporte, barra y aro



Nuez




Pinzas



Trípode y rejilla



Mechero
Bunsen



Mechero de alcohol



Pinzas de madera



Cuentagotas



Vidrio de reloj



Placa de Petri



Cápsula



Pipetas



Mortero



Vaso de
precipitados



Matraz Erlenmeyer



Matraz

Matraz aforado



Probeta




Embudo



Embudode decantación



Frasco lavador



Gradilla y tubos de ensayo

